

EDUARDO PONDAL

Manuel Ferreiro

**Unha iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega co
patrocinio da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo**



asociación de
escritores
en lingua galega
www.aelg.org



XACOBEO 2010
Galicia

Eduardo Pondal Abente (1835-1917) naceu na Ponteceso, en Bergantiños, nun entorno natural que -a través da evocación dos “*eidos nativos*” e da toponimia- vai constituír o marco natural constante para a maior parte da súa produción poética (“*Eu nacín cabo de pinal espeso, / eu nacín na pequena Ponte-Ceso*”).

Licenciouse en Medicina na Universidade de Santiago, participando activamente durante os seus anos de estudante na vida político-cultural compostelá, incorporado ao primeiro movemento galeguista. Practicamente non exerceu a profesión médica, pois a súa orixe fidalga e abastada permitiulle exercer de poeta ‘profesional’, dedicándose integramente á creación poética. A súa vida transcorreu no eixo Ponteceso – A Coruña, cidade onde pasou longos períodos e onde finou o 8 de marzo de 1917, despois dunha existencia dedicada á creación dunha obra poética consagrada á defensa de Galiza e da súa lingua. Eis o seu autorretrato poético de 1909:

*Astroso, melancólico..., e deixando
ver os rudos sinais do combate
no grande corpo céltico, e mirando
con un vago mirar, feito un orate,
certo, este é Pondal..., de quen notorio
xuício soe haber contradictorio.*

De todos os xeitos, Pondal non permaneceu illado no seu *beatus ille* particular, senón que tivo unha constante actuación cívica xa desde a súa primeira mocidade, con participación protagonista no banquete de confraternidade entre estudantes e obreiros, celebrado en Conxo, en 1856, quer intervindo poeticamente en ocasións a través do canto de efemérides nacionalistas (especialmente dos Mártires de Carral, aos que dedica catro poemas), quer colaborando noutros actos cívicos de homenaxe a figuras de recoñecida traxectoria democrática e/ou nacionalista, para alén de formar parte do Grupo Rexionalista e da Cova Céltica na trastenda da librería do polígrafo Carré Aldao na Coruña. É así que, en 1890, lle foi encargado o texto do Himno Galego para o Certame convocado con ese fin na cidade da Coruña nese mesmo ano. A partir de aquí, o texto de Pondal -con música de Pascual Veiga- consolidouse como himno nacional de Galiza.

Pondal tivo unha ampla formación lingüística (grego e latín, portugués, francés, italiano e inglés) e un profundo coñecemento da literatura clásica grecolatina, da literatura galego-portuguesa medieval (é autor do primeiro poema neotrobadoresco galego, arredor de 1905) e de autores como Camões, Shakespeare, Milton, Byron, Dante, Ariosto, Tasso, Leopardi, Chateaubriand..., para alén de coñecedor da obra de James Macpherson, que recollía os cantos de Ossian, suposto bardo gaélico do século III. Iniciouse nas letras desde moi novo publicando poemas en castelán; a escrita en galego comezou xa en 1857, cunhas oitavas d’*Os Eoas*, e, en 1858, coa primeira versión d’*A campana de Anllóns*, para, progresivamente, consolidar a utilización literaria do galego, que foi acrecentándose até se converter nun autor monolingüe na lingua da Galiza a partir de 1885, ano da morte de Rosalía de Castro.

En 1886 publicou a súa grande obra lírica, *Queixumes dos Pinos*, onde reuniu e refixo a produción anterior ao tempo que acrecentaba novos poemas, dotando de unidade o conxunto por medio da composición inicial e última (*Polo baixo cantando* vs.

Polo alto cantando). Así, ficou como derradeiro poema *Da ruda pendente*, cuxo verso central enuncia a chave do pensamento da lírica pondaliana: os “*pasados, futuros destinos*” do pobo galego.

Após 1886, continuou a súa actividade creativa dando ao prelo, periodicamente, novos poemas, ao tempo que consagraba parte do seu tempo á elaboración d’*Os Eoas*: un poema épico ‘fundacional’ composto en oitavas reais, moi influído por *Os Lusíadas* camonianos, en que traballou durante 60 anos co fin de (de)mostrar que o galego servía tamén para a poesía épica. Á súa morte ficou inédito o dactiloscrito deste poema, preparado para a súa publicación, así como numerosas composicións líricas que o poeta compuña e preparaba para unha triloxía lírica (*Da Terra, Dos Eidos, Dos Servos*).

A partir da literatura macphersoniana, a poesía de Pondal recrea unha mitoloxía galega baseada nos heroes de Ossian e da obra irlandesa *Leabar Gabala* (*Libro das invasións*) e mais nos topónimos bergantiñáns reconvertidos en personaxes lendarios (Gundar, Rentar, Brandomil etc.): fala do pasado, reconstruído miticamente polo poeta, e, sobre todo, do futuro da nación galega, desenvolvendo unha liña fundamentalmente patriótica na nosa literatura. Como nas antigas sagas, Pondal vese a si mesmo como o Bardo, como un guía do pobo galego, de aí que non se dedique a recrear poeticamente o pasado mítico e glorioso dos celtas-galegos en épico combate cos romanos-casteláns, acorde coas teorizacións históricas do seu compañeiro e amigo Manuel Murguía, que baseaba a existencia de Galiza como nación na posesión dunha historia diferenciada e mais no seu carácter celta. O propósito explícito de redención maniféstase fundamentalmente a través das composicións bárdicas, que van alén dunha manifestación narcisista do autor, identificado permanentemente co bardo do pobo galego: a súa poesía é unha proposta de redención nacional, “rexional” na terminoloxía da época, pois, como el mesmo escribe nunha anotación inédita, os *Queixumes* -e, por extensión, toda a súa obra- “*son un símbolo que revela un grande propósito latente: o rexurdimento e a redención de Galiza; son, ademais, unha queixa, unha protesta, unha rebelión contra a abrasión e o despotismo casteláns por teren intentado borrar a lingua, os costumes, a alma galega*”. De conviccións iberistas, no poema central de *Queixumes* enxerga o futuro político de Galiza como lazo de unión entre os pobos peninsulares e destes cos pobos latino-americanos (“*A luz virá para a caduca Iberia / dos fillos de Breogán*”). Esta liña de poesía patriótica verase aínda reforzada con frecuentes alusións e diversos poemas compostos sobre as loitas de liberación nacional irlandesa, grega, serbia, catalá ou polaca, entre outras.

A lírica pondaliana non se limita ao celtismo, incorpora e desenvolve moitos outros motivos fundamentais, entre os que se debe salientar a presenza frecuente de elementos provenientes do mundo clásico helénico (a épica da morte digna en combate, a ética espartana ou a arenga de ton militar) a través da lira de Tirteo (“*Mirá miña armadura reluciente, / ... / digna da nobre lira de Tyrtheo*”) en convivencia coa harpa céltica do bardo (Pondal), guía e vangarda do seu pobo no proceso de liberación da “*nazón de Breogán*”.

A liña poética máis discutida de Pondal é, sen dúbida, a que xira en torno ao amor. Certamente, na súa poesía, pode detectarse unha certa misoxinia naqueles poemas que son debedores dunha práctica social pretérita e dunha ideoloxía sexista que se manifesta, ás veces descarnadamente, nalgúns textos. Mais tamén, a carón deses poemas, aparecen tamén figuras femininas connotadas positivamente (en

especial as virxes guerreiras celtas) ou composicións en que a delicadeza expresiva do sentimento amoroso tamén está presente:

*Agora, meu corazón,
agora pola noitiña,
pola miñanciña non.*

*Ninguén nos pode estorbar...,
é ben soparada e soa
esta gandra de Gundar.*

Así pois, o conxunto da produción pondaliana constitúe un monumento literario que superou o mito celtista inicial revelándose como unha construción complexa, en que mesmo non faltan poemas costumistas, bucólicos, elexíacos ou políticos, coa constante presenza de elementos biográficos, para alén do canto dos lugares nativos (moitas veces ligados á angustia polo paso do tempo), de tal forma que as súas obsesións e fondos desequilibrios persoais acharon tamén acomodo na voz do poeta, especialmente na súa derradeira etapa, en que se manifesta a obsesión polo futuro da súa obra, paranoicamente angustiado polo roubo dos manuscritos dos “cantos da patria”:

*Na miña cámara entraran
con sixilosa perfidia,
seus alentos contendo
por temor de que os sentiran.
Os feitos eran da patria,
que nobre respecto inspiran;
as glorias eran da patria,
a qu’un amor grande obriga;
os cantos eran da patria,
entusiasmo os escribira...,
e procurando suplantar meu nome,
de oprobio e de baldón o seu cubriran.*

A través de esquemas simples, normalmente binarios (onde se debe salientar a oposición *masculino, férreo, duro, viril... vs. feminino, doce, brando, mólido, muliebre*), e cunha adxectivación sobria, mais con complexas e demoradas elaboracións poéticas, Eduardo Pondal compón unha obra en que priman, como principios reitores, o rigor formal e a coherencia ideolóxica. Nunha anotación inédita, Pondal afirma que “*á parte dos nobres pensamentos, o estilo é o éxito: o éxito de todos os grandes poetas (Camões, Tasso, Ariosto, Milton, Byron) radica na elocución e na constante arte e artificio elegante...; todo é un combate, todo é parto laborioso e esforzo obstinado*”. Con este horacionismo creativo, cun constante traballo estilístico, a través da permanente corrección dos seus textos, Eduardo Pondal creou unha obra paradigmática na defensa da Galiza renacente, do pobo galego e da súa lingua, apostrofando aos galegos desertores dos acentos da “*doce e cara patria*”: “*Antes de*

que caíás en tanta mingua, / pois que de servos as palabras tedes, / arrancade da boca a propia lingua / para que a vosa lingua non manchedes”.

Esplendentes cultismos tirados do latín e do grego, así como creativos neoloxismos, xunto cun coñecemento profundo do idioma, permitiron que Pondal alicerzase a lingua literaria moderna sobre o dialecto bergantiñán nunha obra clásica no seu máis profundo sentido. Pasado máis de un século desde que Eduardo Pondal nos legou a súa mensaxe, permanece unha obra que fala para a humanidade en xeral e para todos os galegos e galegas, en particular, que nada poderá destruír, nin “o decreto de tirano urxente”, nin “o fogo nin o ferro”, “nin aparente / envidia, nin prisión, nin duro encerro, / nin odio escuro, nin soberbia adusta, / nin a morte, nin longa edá vetusta”.

ESCOLMA DE TEXTOS

1.

Da alma no fondo
eu levo unhas cordas,
que a cada momento
soando están soas.
S' estou vixilando,
ocúpanme as horas;
s' en prácido sono
os membros repousan,
agítanse insomnes,
xa doces, xa roucas.

En vano, febreiro,
nas luitas recónditas,
o ánimo ousado
en vano s' esforza
por domar o tumulto sublime,
as férvidas notas,
soberbias, agrestes,
salvaxes, grandiosas,
que, aí!, no profundo
dos bardos repousan,
cal repousan as chispas que dormen
nas altas curotas!

2.

Sobr' o gallo do pino,
sin cuidar do destino,
o azor co fero grito o aire inunda,
e, fatigado da diuturna razia,
descansa da súa vida vagamunda.

Pasado o tempo ledó,
baixo o rudo penedo,
o lagarto descansa debuxado
e da necesidá dura e punxente
s' esquece e do traballo xa pasado.

Tódolos feros brutos,
escamosos e hirsutos,
féita-las crúas, sanguinosas probas,
achan repouso nas profundas augas,
descanso atopan nas salvaxes covas.

Mais do xenio mudabre
o ánimo indomabre
n' acha descanso, non.
Quezais s' axita nel o esp'rito insomne
do ánxel da primeira rebelión!

3.

Ouh da terra de Xallas feros corvos,
que vagantes andás
sin pensar no destino,
sin hoxe nin mañán,
quen poidera ser voso compañeiro
pol' agreste soedá!

4.

Volvendo de lonxes terras
con suidás no corazón,
vin dispois de longos anos
ond' a miña crianza foi:
pasei pola Ponte-Ceso,
cheo d' ansia e de temor,
por ver se me conocía
a terra que me criou,
qu' o corazón vai temendo
n' atopar o que deixou.

Subín pola correduira,
qu' afonda-lo tempo soi;
abrín da Bouza a cancela,
que chiou cun triste son;
fun p'lo camiño do Couto,
que vai por riba do arró;
seguín por aquel camiño,
qu' o carro e o tempo escavou,
e ao pé daquela crus,
qu' ergueran nosos avós,
contemprei meu val nativo
con triganza e con tembror,
e afogada polas bágoas
escramei con triste voz:

«Val garrido, val garrido,
o da miña criazón,
ouh val, xa non me conoces,
tan mudado, ouh val, estou?
Certo, ti ére-lo mesmo,
mas eu o mesmo non son.

Certo, este é Lestemoño,
cos seus prados arredor;
aquele é de San Vicente
da Graña o rueiro bo;
aquele outro é Carballido,
a Cepeira má[i]s acó;
e Zrezo, e a Brixería,
e o Briallo no seu altor;
e o Couto e o seu campanario,
garrido e branqueador;
e Currás e a Matigueira,

preto do mar, má[i]s aló.

Lugares, caros lugares,
non me conocedes vós?
Tan mudado m' atopades
daquel tempo que pasou?
Certo, vos sóde-los mesmos,
mas eu o mesmo non son.

Aquel é o Agro de Dego,
aqueoutro é Murazós;
má[i]s adiante Mularedo,
Canaveas máis aló;
aqueloutras son as Senras,
dos trigos ledos e bos;
a agra de Mares, as Somas,
e a da Bouza má[i]s acó.

Lugares, que fui, lugares,
daquel tempo que pasou?
Prados, fontes e camiños,
non me conocedes vós?
Certo vos sóde-los mesmos,
mas, aí!, o mesmo eu non son».

5.

Topánome medio morto,
con unha crúa ferida
no esquerdo costado, mortal e profunda,
p'ronde inda o folgo respira.

Preguntáranm' os pasantes,
qu' iban p'la deserta vía,
preguntáranme quen fora
o crudo que me ferira.

Eu contestei sin alento,
como quen lle foxe a vida:
«Señores, quen me matou
fui unha fror de Muías».

«[E]stá tolo -se dixeno-,
este prob' home delira:
as frores teñen puñales
p'ra poder tira-la vida?».
E déixanome alí soo,
na miña triste agonía.

«Civiles, non a prendades,
porque estonces perdo a vida.
Se prendedes esa fror,
cortades a vida miña:
para as vosas duras cordas
ten as lindas mans mui finas.
Qu' a doce e garrida, qu' a morte me dera,
é causa da miña vida!».

6.

Correndo fui ó arume,
á hora en que cantan as ras,
soíña e leda, ós pinales
de Morás.

Volvío descabelada,
decaída i sin zolás;
era noite, sós os pinos
de Morás.

Desde entónces tornou alba,
algo estantía quezás;
que lle pasara, pinales
de Morás...?

7.

Cando no escarpado cabo
sae a fror da caramiña
ó cazador anunciando
a leda estación garrida,
cando da doce Süevia
ás doces praias amigas,
en novelo xentil axuntadas,
chegan as lixeiras píllaras,

entonces do bardo o espírito,
que soña antr' as uces irtas,
no formoso instrumento apoiado,
en donde o vento suspira,

mentres os fillos dos celtas
cumpren serva e innobre vida,
entonces o espírito invade do bardo
escura melancolía.

8.

Á hora en qu' o doce luceiro
coménzase de fundir,
as ben cornudas cabras montesías
levando diante de si,
o pastor celta Temunde
volvía ó doce redil,
soo, cantando pola gandra
de Xallas, d' uces nutriz,
e, estremecendo a vaga soedade,
seu cantar decía así:

«Arca antiga da Pïosa,
o vento, qu' é triste oír,
funga nas esquivas uces,
qu' están ó redor de ti,
e pasa antr' elas brüando
con un dorido xemir,
debaixo das túas antes
'sta o valente Brandomil,
non no olvido, mais nos brazos
do eterno e doce dormir:
ten ó seu lado dereito
o elmo dourado e xentil,
o escudo e a dura lanza,
ond' o sol soía ferir
e con pracer os celtas contempraban
de Xallas no ermo confín.

Ouh valente fillo d' Ogas
e da doce e nobre Eiriz,
para sempre quedará
longa memoria de ti!
E cando o fillo dos celtas,
no tempo que está por vir,
pensativo camiñante
pase quezais por aquí,
cando no tempo en que gía
se vexa a luna lucir,
dirá ó verte desde lonxe:
“O valente Brandomil,
saído da xentil e boa raza
dos celtas, repousa alí”».

9.

Envolto en duro ferro
sobr' as feras curotas,
feo asilo dos corvos,
das esquivas Thermópulas,
caera con estrépito
o valente Leónidas,
como soe alto pino
ó sopro audaz do sibilante Bóreas.

E quente e negro sangue escurecera
a garrida panoplia,
e deixou, cal cometa,
longo rastro de gloria.

Oh! Cada vez que penso
qu' esta envoltura odiosa
caerá no combate
exenta de memoria,
estonces certo sinto,
como unha nube fosca,
de súbito cubrir o esp'rito ousado
unha escura vergonza!

10.

Cando sin apouvigo e sin conforto
por este val de bágoas vou cruzando,
unha profunda palidez mostrando
do combate desleal, estanto e absorto;

cando p'la dura ruta, laso e esmorto,
mil cuidados punxentes vou cuidando,
as mesmas pedras p'ronde vou pasando,
ao ver meu cor mortal, din: «Está morto».

Oh Dios! Canto dolor, canta amargura,
canta triganza, canta adversa sorte,
canta tribulación esquiva e dura!

Cavade unha gran fosa..., cavá forte,
dádelle piadosa sepultura.
Que piedá inspira ese color de morte!

11.

Cando xazan do cisne
os febrentos despoxos,
sobre do verde da ribeira escura,
e xa non s' ouza o canto harmonioso,

dádelle sepultura
no promontorio aquel, areoso e vougo,
onde o Anllóns, o seu nativo río,
(qu' el máis amou de todos),
da peregrinación antiga súa
e do longo traballo acha repouso.

Que diga o mariñeiro,
rudo fillo do Osmo,
ó entrar pola Barra
volvendo o escuro rostro:
«Alí xaz o que fora
noutro tempo cantor do eido noso».

12.

Os fastos

Os fillos escuros
do chao polvorento,
os fillos do polvo,
os fillos do vento,
ferís e envidiosos
dos gallegos feitos,
borraran os fastos
dos fortes gallegos.

Os feitos borraran
dos fillos egrexios
dos fillos dos celtas,
d' intrépidos peitos;
d' envidia movidos
borraran os feitos;
mas non borrano os peitos
dos fortes gallegos.

Borraran os límites
do pobo gallego,
dos fillos de Luso
os lazos rompendo;
borraran os nomes
dos pátridos eidos...;
mas non borrano a fala,
mas no borrano o xenio,
mas non borrano o esp'rito
dos fortes gallegos.

13.

Dos pátridos acentos,
infames renegaran,
e tiveran parolas
de servos e de parias,
e as mólidas notas,
imbéciles trocaran
p'runs escuros acentos de ferro
dunhas xentes estrañas.

Por palabras alleas
as súas propias deixaran,
tan doces e harmoniosas,
e garridas e brandas,
cal das súas furocas montesías
as falangueiras augas,
qu' a derregar descenden
os prados costentos e verdes da patria.

Quen poderá dun pobo envilecido
borrar vergonza tanta?

14.

Aquel pobo qu', imbécil e brando,
non honra os maiores,
ese pobo, en verdade, perece
e corre a vil morte.
Mais aquel qu' en magníficos marbres
profunda os seus nomes,
ese pobo, ese pobo renace,
resurxe, non morre.

As proezas dos padres ilustres
emulen os fillos,
e se foren a oprobio obrigados
d' inxusto enemigo,
nese marbre sublime acenando
seus grandes, seus ínclitos:
«Lede, –digan–, se ler tales nomes
vós fórades dignos».

Non do galo belíxero as hostes,
os raudos cabalos;
non do gran Mississippi insidioso
o torpe aligátor;
non o ferro homicida, non fogo,
non duro traballo
poderán quebrantar os robustos
gallegos ousados!

15.

Os Pinos [Himno Galego]

Que din os rumorosos,
na costa verdecente,
ó raio trasparente
do prácido lüar...?
Que din as altas copas
d' escuro arume harpado
co seu ben compasado,
monótono fungar...?

«Do teu verdor cinxido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso clan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono,
fogar de Breogán.

Os boos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son;
mas sós os ignorantes
e férridos e duros,
imbéciles e escuros,
non os entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades,
qu' as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois donde quer, xigante,
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán».